

INSCRIPCIÓN PARA ITINERARIO INTEGRAL DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL, PROXECTO

Datos persoais:

Nome:	Apelidos:	DNI/Pasaporte:
Enderezo:	Cidade:	CP:
Teléfono/s: /	E-mail:	
Data de nacemento:	Estado civil:	Núm. de fillas/os (idades):
Sinala se está a percibir algún tipo de prestación (indicar o tipo, a data de inicio e a data de fin desta):		
Nivel de estudos rematados:	Carné de conducir: <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
Cursos de formación complementarios:		

Experiencia profesional:

Posto de traballo:	Organismo / Empresa:	Data de inicio:	Data de fin:

Elixir un máximo de tres cursos, marcando 1, 2 e 3, segundo a preferencia e **SEGUNDO OS CRITERIOS** de admisión e itinerarios formativos expresados na parte posterior:

Accións formativas:

<input type="checkbox"/> Monitor/a de turismo activo: 320 horas. <input type="checkbox"/> Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais: 450 horas. <input type="checkbox"/> Monitor/a de ludotecas 300 horas.	A	<input type="checkbox"/> Elaborador de queixos: 445 horas. <input type="checkbox"/> Técnico en transporte sanitario: 385 horas. <input type="checkbox"/> Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes: 470 horas. <input type="checkbox"/> Enquisador 350 horas.	B
--	----------	---	----------

Por favor, sinala unha das seguintes respostas:

Non teño idea empresarial nin me interesaría crear unha empresa.

Non teño idea empresarial, pero gustaríame crear unha empresa.

Teño idea empresarial, pero non sei se poñela en marcha.

Teño unha idea empresarial e quero poñela en marcha.

Describe o motivo fundamental polo que elixe formar parte deste proxecto:

Declaración, lugar, data e sinatura

A persoa asinante coñece e acepta os criterios de selección, e comprométese a cumprir os termos de asistencia para a obtención do certificado acreditativo e o cobro das bolsas. Así mesmo, garante que a información facilitada é certa, completa, e que coñece que a omisión ou falsidade dela dará lugar á anulación da súa candidatura. A través desta sinatura, autorízase a utilización destes datos na intermediación das ofertas de emprego, así como de formación e asesoramento. En calquera caso, estes datos non poderán ser utilizados para finalidades distintas a aquelas para as que foron recollidos, axustados á normativa establecida na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE 14/12/1999) e na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico (BOE 12/07/2002).



Lugo, de de 20
 Sinatura:



EXTRACTO DAS BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIAS DO PROXECTO “LUGO, EMPREGO ACTIVO”

“Lugo, emprego activo 2” está composto de accións formativas de distintas especialidades laborais, obradoiros de formación en materias transversais, accións de orientación, intermediación e inserción laboral que, a través da constitución de itinerarios integrais e personalizados de inserción laboral, ten como obxectivo a consecución da integración no mercado laboral das persoas con maiores dificultades de acceso a el.

DESCRIPCIÓN DO ITINERARIO FORMATIVO DO PROXECTO “LUGO, EMPREGO ACTIVO 2”. CADA CURSO CONTA CON 15 PRAZAS, ÁS QUE ACCEDERÁN AS PERSOAS SELECCIONADAS.

DETALLE DAS ACCIÓNS NO ITINERARIO FORMATIVO

ITINERARIO A

INSERCIÓN SOCIOLABORAL EN SERVICIOS DE PROXIMIDADE

Módulo de habilidades sociais
↓
Curso de formación
↓
Obradoiros de busca de emprego
↓
Igualdade de oportunidades
↓
Novas tecnoloxías
↓
Formación en medio ambiente
↓
Capacidades básicas
↓
Se é o caso
↓
Apoio para obter o certificado de profesionalidade.

ITINERARIO B

FORMACIÓN DE COLECTIVOS CON ESPECIALS DIFICULTADES DE INSERCIÓN

Módulo de habilidades sociais
↓
Módulo de hábitos laborais
↓
Curso de formación
↓
Obradoiros de busca de emprego
↓
Igualdade de oportunidades
↓
Novas tecnoloxías
↓
Formación en medio ambiente
↓
Capacidades básicas
↓
Apoio para obter o certificado de profesionalidade.

REQUISITOS

Con carácter xeral:

- Persoas en situación legal de desemprego, inscritas como demandantes na correspondente Oficina do Servizo Público de Emprego na data de comezo do itinerario de inserción sociolaboral.

Con carácter específico:

ITINERARIO A:

- Persoas desempregadas en xeral

ITINERARIO B:

- Mozos/as, menores de 30 anos

- Maiores de 45 anos

- Persoas desempregadas de longa duración

- Outros colectivos en risco de exclusión social

En ambos os dous casos, daráselles prioridade ás persoas empadroadas no Concello de Lugo.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes estarán a disposición das persoas interesadas en:

Espazo Lab. Centro de Orientación Laboral do Concello de Lugo sito en:

Avda. da Coruña, número 490. (Antigo cuartel de Garabolos) Tfno.: 982 297361 e na

Oficina de Participación Cidadá (antigo Seminario).

Pode ser descargada das páxinas web do Concello de Lugo: www.lugo.es, www.lugo.es/espazolab ou www.lugo.es/europedirect

O prazo de entrega das solicitudes será de **vinte días naturais contados a partir do día seguinte á publicación das bases de participación do proxecto**. Estas solicitudes deberán entregarse, xuntando fotocopia do DNI, no **Rexistro Xeral do Concello de Lugo** (edificio do antigo Seminario).

Con posterioridade, expoñerase no **taboleiro de anuncios do Concello a lista de persoas admitidas para a entrevista**. Será **obligatorio** levar á entrevista a seguinte documentación:

- Certificado de vida laboral actualizado
- Breve *curriculum vitae*
- Tarxeta de demanda de emprego
- Informes e xustificantes acreditativos, se é o caso, das distintas situacións de acordo co establecido no baremo de valoración.

GOZO E REMUNERACIÓN DA BOLSA

Asistencia: en ningún caso se permitirán as faltas inxustificadas de asistencia ao itinerario formativo; no caso de seren xustificadas, estas non poderán superar o 25% das horas totais do itinerario de inserción sociolaboral.

No caso de que a persoa beneficiaria non asista tres días seguidos sen comunicar o motivo da falta, considerarase que causa baixa no programa.

Certificado de asistencia: recibirán o certificado de asistencia soamente aquelas persoas beneficiarias que asistan o 75% de todas as actividades obrigatorias do itinerario correspondente, e que superasen con aproveitamento ambas as dúas partes, teórica e práctica da acción formativa.

Remuneración: as persoas beneficiarias percibirán, conforme os trámites económico-administrativos pertinentes, nun prazo **NON INFERIOR A UN MES**, unha bolsa de asistencia, correspondente ao curso de formación, por unha contía de 1,40 €/h durante a parte teórica e 3,95€/h durante a parte práctica, que en ningún caso poderá ser superior o 75% do IPREM.

Esta bolsa será compatible coa percepción da prestación de subsidio por desemprego, así como con outras axudas públicas, se ben o conxunto das rendas percibidas non poderá superar o 75% do IPREM.

En ningún caso, terá dereito á remuneración o alumnado que asista menos de trinta días ao itinerario formativo.

Os obradoiros transversais obrigatorios non terán dereito a remuneración ningunha.

As bases completas do proxecto poderán ser consultadas no Taboleiro do Concello e nas webs do Concello e de Espazo Lab:

www.lugo.es

www.lugo.es/espazolab

www.lugo.es/europedirect

